

ANEXO I

BASES DA CATA XXIVª CATA DOS VIÑOS DA RIBEIRA SACRA

Os días 05 e 06 de Xullo de 2018, celebrarase en Monforte de Lemos a XXIVª Cata dos Viños da Ribeira Sacra, organizada polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

Esta cata constará de dúas fases:

1. Precata ou cata de selección, que terá lugar o día 05 de Xullo en Monforte de Lemos
2. Cata final, que terá lugar o día 06 de Xullo en Monforte de Lemos

BASES DA CATA.

1.- Nesta Cata poderán participa-los viños elaborados polas adegas inscritas nos rexistros da Denominación de Orixe Ribeira Sacra que se atopen en fase de comercialización, agás os embotellados por para. Establecense tres categorías deberendo ser necesario ter, como mínimo, seis mostras de viño en cada categoría, de non ser así non se realizará a Cata da categoría que non alcance dito mínimo.

a.- Viños Brancos: Só poderán entrar en concurso os viños *Ribeira Sacra Súmmun Branco* correspondentes a colleita 2017, podéndose presentar á cata, tantas marcas como a adega desexe. Estas indicarán o volume mínimo da partida, que non deberá ser inferior a 1000 litros. As existencias mínimas no momento da recollida serán de 500 botellas.

b.- Viños Tintos: Só poderán entrar en concurso os viños *Ribeira Sacra Tinto* correspondentes a colleita 2017, podéndose presentar á cata, tantas marcas como a adega desexe. Estas indicarán o volume mínimo da partida, que non deberá ser inferior a 1000 litros. As existencias mínimas no momento da recollida serán de 500 botellas.

c.- Viños doutras añadas: poderán entrar en concurso viños *Ribeira Sacra* de colleitas diferentes a colleita 2016 que non participaran en edicións anteriores e os viños con barrica da colleita 2017, podéndose presentar á cata, tantas marcas como a adega desexe. Estas indicarán o volume mínimo da partida, que non deberá ser inferior a 500 litros. As existencias mínimas no momento da recollida serán de 300 botellas.

3.- A recollida de mostras será realizada polo persoal do Consello Regulador. Para compoñe-la mostra elixiranse ó azar 3 botellas de entre o stock. O representante do Consello Regulador e o adegueiro asinaran na acta, no cal figurarán as numeración das Precintas de

Garantía correspondentes ás botellas recollidas e o lote da partida.

As caixas que conteñan as mostras quedarán depositadas na sede do Consello Regulador, que as custodiará e transportará ata o lugar da cata, facendo entrega das mesmas ó Xurado de Cata.

4.- Para a supervisión da cata existirá un Xurado de Cata presidido polo Director Técnico do Consello Regulador, actuando como suplente, en caso necesario, o Secretario do Consello, e un Notario, ou no seu defecto o Secretario do Concello onde se realice a cata, que levantará acta de todo o ocorrido durante a celebración da cata.

5.- Para a cualificación dos viños contarase cun mínimo de 7 expertos en análise sensorial.

Empregaranse as fichas de cata recoñecidas pola OIV. Para a puntuación de cada viño obterase a media das puntuacións individuais dadas polos catadores que compoñan o panel de Cata, desprezando previamente as puntuacións extremas. En caso de empate calcularíase a mediana.

6.- O notario procederá ao embolsado, precintado e numerado das botellas, que serán almacenadas, permanecendo convenientemente custodiadas deica o momento da celebración cata.

7.- O acto da cata de selección realizarase o día 05 de Xullo. Os viños cataranse por series, realizándose os descansos precisos, ata a conclusión da análise sensorial das mostras.

Iniciarase a cata polos viños brancos, rematando cos viños doutras añadas. O número máximo de viños seleccionados que pasarán á Cata final será de 10 para a categoría de viños tintos e 6 para as categorías de viños brancos e viños doutras añadas, definidas no punto 1 destas bases.

Se o número de mostras presentandas nalgunha das categorías e inferior a 10 non se fará a cata de selección accedendo todas elas a Cata Final.

Na cata de selección en caso de empate ao calcular a mediana pasaran ás dúas mostras a Cata Final.

Establecidos polo Xurado de Cata os viños seleccionados, o notario separará as botellas que corresponden a estes viños, procedendo a darlles un novo número correlativo dentro de cada categoría.

As botellas utilizadas na cata de selección coas demais sobrantes serán introducidas nas respectivas caixas, que serán precintadas e quedarán debidamente custodiadas ata que finalice a cata.

O Xurado de cata coidará especialmente que se conserve o anonimato das mostras en todo momento.

8.- A Cata Final realizarase seguindo as normas establecidas para a Cata de Selección, o día 06 de Xullo, segundo o número inicial de viños participantes na cata de selección.

Finalizada a Cata, o notario seleccionará e controlará as botellas que conteñan os viños premiados devolvendo as restantes ás caixas orixinais, que serán precintadas e custodiadas na sede do Consello Regulador ata que sexan proclamados os premios.

9.- Seguidamente o notario procederá a identificar as botellas dos viños premiados, en presenza do presidente do Xurado de Cata, tomando nota por escrito das marcas e adegas premiadas, e introducindo o documento cos citados datos en sobre pechado e lacrado. Este sobre será aberto á hora da entrega dos premios, permanecendo mentres tanto en poder do presidente do Xurado de Cata.

10.- O descorche das botellas, tanto para a cata de selección coma para a cata final, levarase a cabo nun local aparte e en presenza do Xurado de Cata, garantindo o anonimato de cada unha das mostras presentadas.

11.- A entrega de premios realizarase nun acto organizado para tal fin, que terá lugar nun dos Concellos que compoñen a Ribeira Sacra o venres día 06 de Xullo de 2018

12.- Establécense os seguintes premios para cada categoría:

- Viños Tintos: Medalla de Ouro, Medalla de Prata e Medalla de Bronce.
- Viños Brancos: Medalla de Ouro, Medalla de Prata e Medalla de Bronce.
- Viños doutras añadas:
 - Unha Medalla de Ouro se o número de mostras participantes é igual ou inferior a 14.
 - Dúas Medallas de Ouro se o número de mostras participantes é igual ou inferior a 20.
 - Tres Medalla de Ouro se o número de mostras participantes é superior a 20.

As medallas serán outorgadas ós viños con maior puntuación, correspondéndolle, dentro de cada categoría, as Medallas de Ouro, Prata e Bronce ós viños que obtivesen a maior puntuación, ordenados de maior a menor respectivamente.

O fallo do Xurado será inapelable

13.- Tódolos participantes nesta XXIVª Cata dos viños da Ribeira Sacra comprométense a acata-las presentes normas.

14.- Facúltase ó Presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra para dictar cantas disposicións considere necesarias de cara o correcto desenvolvemento desta Cata, se así fose necesario.